

PROCEDEMENTO E PRAZOS APROBADOS POLA COMISIÓN PROVINCIAL DE BECAS NA SÚA REUNIÓN DO DÍA 12 DE MAIO DE 2014

- 1.1. O traballador ou traballadora presentará a solicitude no centro educativo no que pretenda gozar da gratuidade mediante o modelo de solicitude que se anexa a esta comunicación, que se presentará **por triplicado**.
- 1.2. A solicitude deberá ser selada tanto polo centro no que traballa o solicitante, como polo centro no que se solicita a beca se son centros diferentes. O centro receptor quedarase cun exemplar, e devolverá dous exemplares ao solicitante: un para o propio interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.
- 1.3. **O último día de prazo para presentar a solicitude é o 30 de maio de 2014.** Os centros non recollerán nin asinarán solicitudes despois desta data.
- 1.4. A Comisión delega nas empresas educativas a competencia de adjudicación provisional das prazas gratuítas. A dirección do centro comunicará ao solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma de maneira razoada e por escrito. **O último día para esta comunicación será o 16 de xuño de 2014.**

No caso de non existir comunicación por escrito aos traballadores solicitantes, ou de facerse esta comunicación fóra do prazo sinalado, entenderase automaticamente concedida a beca.

- 1.5. Os centros de ensino deberán enviar á Comisión Mixta de Becas de A Coruña un escrito asinado pola persoa titular da Dirección, e o Delegado/a de Persoal (un deles no caso de ser varios) ou o Presidente/a do Comité de Empresa, no que conste:
 - Solicitante /solicitantes aos que se lle denegou a praza gratuíta.
 - Número de alumnos escolarizados en cada etapa educativa.
 - Relación de alumnos e alumnas con praza gratuíta por etapa educativa, con indicación do nome do proxenitor/a, e centro concertado no que presta servizos.

Este escrito deberá remitirse á Comisión Mixta de Becas á maior brevidade posible, e en todo caso **non máis tarde do día 23 de xuño de 2014.**

(No suposto de centros nos que non existe representación dos traballadores será elixido entre os membros do Claustro un traballador para a resolución das solicitudes de beca)

- 1.6. A Comisión poderá revisar as adxudicacións efectuadas polo centro no suposto de non axustarse ao procedemento ou criterios establecidos pola comisión, ou no caso de non axustarse ao convenio de aplicación.
- 1.7. O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta, ou os centros afectados, poderán formular reclamación perante a Comisión Mixta de Becas. **O último día para presentar esta reclamación será o día 30 de xuño de 2014**
- 1.8. A Comisión Mixta solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna e resolverá as reclamacións **antes do día 15 de xullo de 2014**. A súa decisión é inapelable.
- 1.9. Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas nos locais de Educación e Xestión, rúa Santa Clara número 23, 15704-SANTIAGO DE COMPOSTELA, teléfono 981.58.25.27, Fax 981.58.10.73. Correo electrónico: galicia@escolascaticas.es

**CRITERIOS DE PRIORIDADE ACORDADOS NA REUNIÓN DA COMISIÓN
PROVINCIAL DE BECAS CELEBRADA O DIA 12 DE MAIO DE 2014.**

1º.- Fillos ou fillas de traballadores ou traballadoras do propio Centro que reúnan os requisitos esixidos no artigo 81 do VI Convenio Colectivo do ensino concertado.

2º. Fillos ou fillas de traballadores ou traballadoras que non dispoñan no centro educativo no que prestan servizos da etapa educativa na que están escolarizados aqueles, sempre que reúnan os requisitos esixidos no artigo 81 do VI Convenio Colectivo.

3º. Situación económica da unidade familiar.

Acreditarase mediante a suma da base liquidable do IRPF (casiña 618 da Declaración da Renda) dos dous proxenitores.

Deberase solicitar ao pai e nai solicitantes copia da declaración da renda de ambos (declaración separada ou conxunta) correspondente ao exercicio económico do ano 2012.

4º. Condición de familia numerosa do solicitante.